

**MARÍA JESÚS ROMERO CHILLÓN, SECRETARIA DO CONCELLO DE VILARDEVÓS
(OURENSE)**

CERTIFICO:

Que o pleno municipal en sesión ordinaria do 05 de xuño de 2025, entre outros adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Someter a CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO AO USO DAS VIVENDAS SOCIAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILARDEVÓS, nos términos recollidos no presente acordo.

CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE A APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO AO USO DAS VIVENDAS SOCIAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILARDEVÓS

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza arriba referenciado, procédese a substanciar unha consulta pública, mediante a web municipal www.vilardevos.es e na sede electrónica do concello na que se recollerá a opinión da cidadanía e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma en relación a:

- a) os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa
- b) a necesidade e oportunidade da súa aprobación
- c) os obxectivos da norma
- d) as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias en cumprimento co anterior exponse o seguinte:

Os e as cidadás, organizacións e asociacións que así o consideren, poidan facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos sobre a presente ordenanza. Así mesmo, a continuación, proporciónase un pequeno resumo do mesmo:

I.- INTRODUCCIÓN

O Concello de Vilardevós é propietario de vivendas, que no seu día foron rehabilitadas para cumprir un labor social de axudas ao acceso a vivenda a colectivos en especiais dificultades que, por diferentes circunstancias socio-económicas, non poden permitirse a compra ou alugueiro a prezo de mercado. Estas vivendas teñen a condición de bens patrimoniais municipais e serán destinados a vivendas sociais e o seu réxime de uso e transmisión debe someterse á normativa que as regula e ás restricións que dita normativa establece, so pena de que a finalidade para a cal foron rehabilitadas no seu día quede desvirtuada.

Por iso, debe terse en conta e poñer en público coñecemento que estas vivendas nin son propiedade dos seus ocupantes ou os seus posuidores, nin forman parte do patrimonio dos mesmos e por tanto susceptibles de ser transmitidas unilateralmente de maneira gratuíta ou onerosa, nin forman parte do caudal hereditario.

II.- PROBLEMAS QUE SE PRETENDEN SOLUCIONAR COA INICIATIVA NORMATIVA

Mediante esta ordenanza preténdese regular tanto o uso das vivendas municipais en alugueiro conforme á súa natureza e finalidade como o acceso legal ás mesmas por novos demandantes en réxime de especial dificultade socio-económica.



III.- NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Como inmobles patrimoniais de titularidade municipal que son todas estas vivendas, o Concello de Vilardevós ten o dereito e o deber de defender e reivindicar estas vivendas e establecer unhas normas que, acordes coa lexislación vixente, regulen as actuais situacións posesorias sobre as mesmas.

Con todo, esta regulación non pode obviar o carácter social con que no seu día foron rehabilitadas as vivendas, polo que a través da presente ordenanza establécese un mecanismo de concesión, entendida como unha residencia habitual que perdura no tempo - como a concorrencia dos requisitos que tanto a normativa estatal como autonómica establece para ser beneficiario dunha vivenda en réxime de alugueiro.

IV.- OBXECTIVOS DA NORMA

-Regular o réxime xurídico do acceso ao uso das vivendas sociais de titularidade municipal, que para ese efecto ten destinadas o Concello.

-Tramitar e xestionar todas as solicitudes de peticións que se reciban, por parte do Departamento de servizos sociais.

-Adxudicar, previa comprobación da vixencia dos requisitos esixidos e das circunstancias que foron obxecto de valoración, a quen figure en primeiro termo da relación de solicitantes, ordenada de maior a menor puntuación.

- Determinar a renda máxima anual, que se establecerá dos membros da unidade de convivencia.

As persoas interesadas poden facer chegar as súas opinións, achegas ou suxestións sobre a oportunidade da iniciación da tramitación **DA APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO ACCESO AO USO DAS VIVENDAS SOCIAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE VILARDEVÓS**

Pode realizarse a través de dúas vías:

-Rexistro Xeral do Concello, situado no Concello de Vilardevós (de luns a venres, de 8.00 a 14.00 horas)

-Sede electrónica del Ayuntamiento de Vilardevós a través de la dirección <https://vilardevos.sedelectronica.es>.

Fecha de publicación en la web: (estimada para el 6 de xuño de 2025)

Fecha de Inicio de participación: (Desde o 9 de xuño do 2025

Fecha fin de participación 4 de xullo de 2025

E para que conste expido o presente certificado aos efectos oportunos, co visto e praxe da sra. Alcaldesa D^a Eva María Pérez Gamote en Vilardevós, na data da sinatura

Visto e praxe

O Alcalde

A Secretaria

